



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

**Expte. Núm. 2023/E001/000008**

**Ref.:SEC**

**DECRETO DE NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA: PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, SUBGRUPO A1, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ**

### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

O día 28/06/2024, o Tribunal constituído en sesión de data 04/04/2024 e que xulga o procedemento de selección para a cobertura dunha praza de funcionario/a de carreira, escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A, subgrupo 1, OEP 2023, unha vez rematado o proceso selectivo, propuxo ao concelleiro delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, o nomeamento como funcionaria de carreira do concello das Pontes de García Rodríguez, pertencente á escala de administración xeral, subescala técnica, subgrupo A1, a Lara López Ares, con DNI núm. \*\*\*4103\*\*e a formación da pertinente lista de espera coas persoas aspirantes que aprobaron o primeiro exercicio para cubrir necesidades futuras na cobertura de postos ligados a prazas da mesma natureza que a convocada.

A aspirante presentou a documentación esixida na base Novena que rexeu o proceso selectivo en data 02/07/2024 (RE núm. 202499900002649).

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

O artigo 62.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, determina que a condición de funcionario de carreira adquirese polo cumprimento sucesivo de determinados requisitos entre os que se cita a superación do proceso selectivo e o nomeamento pola autoridade competente que se publicará no diario oficial correspondente.

O artigo 7 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, no relativo á resolución das probas establece que a “a resolución das probas selectivas e os correspondentes nomeamentos deberán efectuarse polo Presidente da Corporación de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante sen que, en ningún caso, poida aprobarse nin declararse que superou as probas selectivas un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas”.

A base novena da convocatoria que rexeu o proceso selectivo reflicte que “Presentada a documentación polo interesado/a, a concellaría delegada competente ditará resolución de nomeamento do/a aspirante proposto/a que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. O/a aspirante nomeado/a deberá tomar posesión no prazo máximo de un mes a contar dende o seguinte ao da publicación do seu nomeamento no BOP da Coruña”.

Mediante Decreto 1529/2023, do 5 de xullo, de delegación de competencias nos membros da corporación municipal, designouse a Antonio Alonso Román como concelleiro-



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2023/E001/000008

Ref.:SEC

delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos.

Por iso,

RESOLVO:

- 1º) Nomear como funcionaria de carreira do concello das Pontes de García Rodríguez, pertencente á escala de administración xeral, subescala técnica, subgrupo A1, a Lara López Ares, con DNI núm. \*\*\*4103\*\*.
- 2º) Formar a seguinte lista de reserva coas persoas aspirantes que aprobaron o primeiro exercicio para cubrir necesidades futuras na cobertura de postos ligados a prazas da mesma natureza que a convocada:

DNI	ASPIRANTE	PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	CELGA IV/ equivalente	TOTAL
***6022**	Arenas Martínez, Nicolás	7,35	5	8.650	Si	21
***6418**	Rodríguez Núñez, María del Carmen	8,30	3,80	---	Si	12,10
***9943**	Casal Villares, Jacobo	7,00	4,40	---	Si	11,40
***1715**	Ponte Reiríz, Iria	7,85	3,15	---	Si	11
***2245**	Barral González, Roberto*	7,25	2,95	---	Si	10,20
***0265**	Rodríguez Vaamonde, María del Mar*	7,30	2,90	---	Si	10,20
***4864**	Rodríguez Cebreiro, María Cristina	7,05	3	---	Si	10,05
***0949**	Sánchez Ousinde, Leticia	6,50	3,45	---	Si	9,95
***8535**	Santiago Yáñez, Beatriz	7,40	2,45	---	Si	9,85
***6148**	Carballido Roca, María Ángeles	5,60	4	---	Si	9,60
***1730**	Soto Vivero, Jesús Manuel	7,80	1,65	---	Si	9,45
***1055**	Bermúdez González, Pilar	6,95	2,35	---	Si	9,30
***8157**	Candal González, Jorge	5,65	2,75	---	Si	8,40
***9732**	Calvo Seoane, Ana María	5,50	2,15	---	Si	7,65
***9378**	San Ildefonso Ladrero, Juan Ignacio	6,00	1,35	---	Si	7,35
***7463**	Cameán Calvete, Silvia	5,00	2,25	---	Si	7,25
***5547**	Irigoyen Vázquez, Sergio	6,00	NP	---	Si	6,00
***8475**	Gómez Martínez, Martina	5,90	NP	---	Si	5,90
***5505**	Prego Figueiras, Margarita	5,50	0	---	Si	5,50
***8642**	Domínguez Ferreiro, Beatriz	5,30	NP	---	Si	5,30

\* O empate dirímese atendendo á orde alfabética, de acordo coa base 7.4 da convocatoria.



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

**Expte. Núm. 2023/E001/000008**

**Ref.:SEC**

- 3º) Publicar este decreto no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- 4º) A aspirante nomeada deberá tomar posesión no prazo máximo de un mes a contar dende o seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- 5º) Contra esta resolución poderase interpoñer, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de calquera outro que se estime pertinente interpoñer.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital